



RIBEIRA SACRA
Consello Regulador Denominación de Orixe

NOTA DE PRENSA 10 de mayo 2019

Segunda vez da D.O. Ribeira Sacra en Vinexpo Bordeaux

Vinexpo Bordeaux é unha das principais feiras do sector, exclusiva para profesionais do viño e bebidas espirituosas, que terá lugar do **13 ao 16 de maio do 2019** no Centro de Exposicións de Bordeaux.

Por solicitude dos compradores, Vinexpo adiantou a data do evento por 1 mes. O evento manterá o seu formato durante os catro días, nos que se terá a oportunidade de manter reunións e relacionarse cos principais actores do sector do viño no mundo. A participación na feira dá a oportunidade de contactar con expertos da industria dos diferentes países para impulsar as vendas e estimular o mercado internacional.

Compartirán stand a **D.O. Ribeira Sacra, Rías Baixas e Valdeorras**. No Túnel do Viño participarán **20 marcas de 9 adegas da D.O. Ribeira Sacra**. As adegas participantes son:

- Adegas e Viñedos Vía Romana
- Bodegas de Rectoral de Amandi
- Bodegas de Santa María de Nogueira
- Grupo Peago
- Regina Viarum
- Víctor Manuel Rodríguez López
- José Manuel Rodríguez González
- Spanish Wines by Carlos Rodríguez
- Tolo do Xisto

O **Túnel do Viño** permite xerar un espazo común e exclusivo no que catar diferentes marcas da D.O. Ribeira Sacra. Trátase dun modo de dar a coñecer toda a variedade dos viños que se elaboran nesta Denominación. O visitante pode coñecer cada botella e cada viño que decide probar e dispón da súa respectiva ficha de cata.

A participación neste tipo de citas supón promocionar e dar a coñecer os viños da D.O. no mercado internacional, de modo que as adegas que xa exportan, consolidan as súas vendas e as que aínda non o fan, teñen a oportunidade de abrir novos mercados.

Vinexpo conta cun elevado compoñente de imaxe, idónea para as empresas con boa distribución internacional e con produtos competitivos pola súa calidade. A participación na feira permite manterse ao tanto dos mercados en constante cambio para atopar as solucións adecuadas.

Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeira Sacra
Comercio 6/8 Monforte de Lemos (Lugo) · 27400 · España
Teléfono: (+34) 982 410 968 Fax: (+34) 982 411 265
Comunicación: Marta 698 167 991
Email: comunicacion@ribeirosacra.org